

BIBLIOTECA ESCOLAR

Benqueridos pais e nais,

Dende o Equipo de Dinamización da Biblioteca partimos da idea xeral de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa a través da cal o individuo é capaz de desenvolver as súas potencialidades cognitivas, afectivas, sociais, emocionais e creativas que lle axudarán a desenvolverse globalmente para ser máis libre e mellor así como para prepararse para a vida.

É necesario que os vosos fillos e fillas lean porque a lectura é unha fonte inesgotable de coñecemento, diversión, creatividade, porque cultiva e reforza a capacidade intelectual, favorece a expresión oral e escrita, desenvolve o espírito crítico, prepara para afrontar as vicisitudes da vida, axuda a reflexionar, favorece a tolerancia, o respecto e a comprensión cara ao que é diferente, favorece a estrutura do pensamento, desenvolve emocións, amplía o mundo interior e transmite valores.

O Equipo de Dinamización da Biblioteca quere contribuír, xunto con toda a Comunidade Educativa, a facer dos vosos fillos e fillas os homes e mulleres do futuro. Un dos obxectivos deste ano escolar 2015-2016 no Plan Anual da Biblioteca escolar é o de abrila a toda a Comunidade Educativa na que vós, as familias, sodes un elemento fundamental. É por iso que dende a Biblioteca queremos ofrecervos material de lectura con temática referida a educación dos vosos fillos e fillas, asesorándoos en canto a idoneidade e segundo gustos literarios ou necesidades. Os préstamos para vós, para as familias, realizaranse os venres de 11.45 a 12.35. Do mesmo xeito, esperamos a vosa colaboración e agradecemos calquera idea o suxestións que desexedes aportar sobre o uso e funcionamento de Biblioteca do Centro.

Ao longo deste curso 2015-2016 recibiredes diversas circulares onde vos informaremos das diversas actividades a realizar- presentacións, exposicións, celebracións varias, concursos- nas que, por outra parte, desexamos, e potenciaremos, a implicación colaborativa e cooperativa dos tres niveis educativos que se imparten- Infantil, Primaria e Secundaria- e, sendo este un centro plurilingüe, coas catro linguas que integran o currículum como vehículo de comunicación.

Fomentar a lectura é o noso obxectivo principal. **Contamos con vós.**

A Responsable da Dinamización da Biblioteca

Asdo. Carmen Forján García

BIBLIOTECA ESCOLAR

DECÁLOGO DUNHA FAMILIA COMPROMETIDA COA LECTURA

- 1.- Unha familia comprometida coa lectura é aquela que anima a ler incluso antes de que o seu fillo ou filla saiba ler. Deixar que os pequenos ollan os libros, curioseen as ilustracións e se recreen nelas é un estupendo xeito de comezar a amar a lectura.
- 2.- É aquela que conta contos aos seus fillos ou fillas ou lles le ou recita pequenas rimas ou lles fala das novelas e contos que marcaron a súa infancia/xuventude.
- 3.- É aquela que non forza a ler.
- 4.- É unha familia que selecciona as lecturas dos seus fillos e fillas (ata certa idade)
- 5.- É aquela que procura coñecer os gustos do seu fillo ou filla es os respeta no posible.
- 6.- É aquela que dá exemplo de lectura a diario.
- 7.- É aquela que comparte en gran medida a lectura dos seus fillos e fillas e as comparte.
- 8.- É unha familia que acode co seu fillo ou filla a librerías e bibliotecas ou os anima a facelo.
- 9.- É aquela que fomenta o gusto e o cuidado por unha biblioteca persoal do seu fillo ou filla e dispón a tal efecto dun espazo propio.
- 10.- Unha familia comprometida coa lectura é aquela que considera a o libro e a lectura como elementos esenciais da educación.

Sodes vós unha familia comprometida coa lectura?